



RESOLUCIÓN do 15 de novembro do 2019, da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, pola que se modifica a Resolución do 20 de decembro de 2018, pola que se aproba o Plan de xestión integral da reserva mariña de interese pesqueiro “Os Miñarzos” para o ano 2019.

Antecedentes.

1. Na reunión do día 16/10/2016 o órgano de xestión, seguimento e control (en adiante Oxesco) da reserva mariña de interese pesqueiro Os Miñarzos (en adiante Remip-Os Miñarzos) acordouse, a petición do propio sector e de acordo co informe técnico por parte do Centro de Investigacións Mariñas, vedar dende o día 01/01/2017 a zona comprendida entre as seguintes coordenadas (Datum WGS84):

TOPÓNIMO	LATITUDE	LONXITUDE
Lombo da Campa (Punta Raposeiros)	42º 47,151'	09º 07,872'
Pedra de Ardeleiro	42º 47,319'	09º 08,630'
Petóns da Figueiroa	42º 47,072'	09º 09,647'
Por fóra da Laxa dos Forcados	42º 49,080'	09º 08,834'
A Araña (Límite N da reserva Integral Norte)	42º 49,244'	09º 06,645'

2. Na reunión do día 30/04/2019, o equipo de investigadores do CIMA presentou ante o Oxesco o informe cos resultados das últimas mostraxes. En dito informe constatábase unha recuperación das poboacións de ourizo dentro da zona vedada e recoméndase, entre outras cuestións, axustar o número de días de extracción.

3. O día 04/11/2019 a bióloga de zona da Xefatura territorial da Coruña, que leva a xestión do plan conxunto de ourizo da zona V, emite informe favorable para a adaptación de dito plan, de maneira que se contemple a posibilidade de levantar a veda nas zonas nas que se demostre unha mellora do estado do recurso, coma no caso da Remip-Os Miñarzos, co obxectivo de repartir o esforzo extractivo da maneira mais equitativa posible entre as diferentes zonas e evitar ou minimizar así o risco de sobreexplotación.

4. O día 06/11/2019 a confraría de Fisterra, como representante do plan conxunto de ourizo da zona V, solicita ao Oxesco e á Xefatura territorial da Coruña a apertura da zona vedada a partir do 02/12/2019, baseándose no resultado favorable das mostraxes. Esta solicitude ven motivada polo elevado prezo e a boa calidade que acada este produto durante a campaña de Nadal. En compensación propoñen que a campaña de ourizo dentro da Remip-Os Miñarzos remate o 31/03/2019, e polo tanto non se traballe no mes de abril, xa que é a época de desove e diminúe a calidade do produto e consecuentemente o prezo de venda. Desta maneira búscase obter maior rendemento económico e unha mellora na sustentabilidade na explotación do recurso.

5. Na reunión do día 13/11/2019 o Oxesco acordou a apertura para o día 02/12/2019 da zona vedada de ourizo dentro da Remip-Os Miñarzos, incluída no plan conxunto de ourizo da zona V, atendendo aos resultados favorables das mostraxes e ao informe técnico da bióloga de zona pero coa seguinte consideración técnica:



- Aínda que no vixente plan de explotación o número de días máximos autorizados dentro da Remip é de 50 e aínda restan 29 días para o que queda de ano, de maneira precautoria, limitárase a 15 o número máximo de días de traballo no mes de decembro de 2019.

6. Na mesma reunión o Oxesco tamén acordou establecer o horario de traballo de embarcación de 09:00 a 15:00 horas, de luns a venres, en días laborais.

Consideracións legais.

1. O Decreto 87/2007, do 12 de abril, modificado polo Decreto 240/2008, do 2 de outubro, polo que se crea a reserva mariña de interese pesqueiro Os Miñarzos, establece no seu artigo 5º as actividades permitidas e limitacións de uso na reserva mariña. Entre as actividades permitidas: a recollida de ourizo, navalla, poliquetos, anémonas, percebe, peneira ou calquera outro recurso específico que se recolla no marco do Plan de Xestión Integral (letra b).

O artigo 6º bis, relativo ao réxime de xestión da reserva, no seu apartado 1, determina que as actividades recollidas nas letras a), b), c) e d) do artigo 5º desenvolvanse no marco do Plan de Xestión Integral aprobado para esa área no que se recollerán as medidas específicas para cada unha das pesqueiras e zonas dentro da reserva.

No artigo 6º bis, apartado 2 establece que o Plan de Xestión Integral será aprobado pola Dirección Xeral de Recursos Mariños, logo de informe do órgano de xestión (...).

A disposición adicional terceira establece que a consellería competente en materia de pesca poderá ditar medidas de xestión para a extracción de determinadas especies así como aprobar plans experimentais para a utilización de determinadas artes ou aparellos de pesca en función dos informes técnicos sobre a evolución e o estado da reserva mariña.

2. A Orde do 27 de novembro de 2007 pola que se regula o uso e xestión da reserva mariña de interese pesqueiro Os Miñarzos, no artigo 2º relativo ao funcionamento do órgano de xestión, seguimento e control, apartado 4, establece que no marco das funcións asignadas ao órgano de xestión, seguimento e control polo Decreto 87/2007, do 12 de abril, polo que se crea a reserva mariña de interese pesqueiro Os Miñarzos, este realizará as seguintes actuacións específicas: propoñer e/ou informar as propostas de modificación da normativa e condicións de uso dos espazos da reserva (letra f).

3. O artigo 8 do Decreto 168/2015, do 13 de novembro, modificado polo Decreto 39/2018, do 5 de abril, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar atribúelle á Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica a dirección e a coordinación das competencias e funcións en materia de ordenación pesqueira en augas interiores así como de conservación, protección e xestión sustentable dos recursos mariños.



RESOLVO:

Autorizar a apertura da zona vedada de ourizo dentro da Remip-Os Miñarzos a partires do día 02/12/2019, con dúas limitacións: o número máximo de días a traballar no mes de decembro de 2019 será de 15 e o horario de traballo de embarcación será de 09:00 a 15:00 horas, de luns a venres, en días laborais.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante a Conselleira do Mar da Xunta de Galicia, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A directora xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica

Mercedes Rodríguez Moreda

